CIRCULAR Nº 14

Inscrición de equipos · competicións Liga Veteran@s, masculina e feminina.

TEMPORADA 2026 – 2027

DESTINO Delegacións Zonais, Clubs

ASUNTO Inscricións dos equipos participantes na Liga de Veteran@s masculina e feminina.

PRAZO LÍMITE DE INSCRICIÓN

15 de outubro de 2026 ás 13:00 h

Ponse en coñecemento das Delegacións e de todos os clubs interesados que o prazo de inscrición dos equipos na competición da Liga de Veteran@s finaliza o vindeiro día 15 de outubro de 2026 ás 13:00 horas.

Todos os equipos que desexen formalizar a súa inscrición nesta temporada nas categorías que se indican máis abaixo deberán inscribirse vía intranet: Plataforma de inscrición: **fegaba.gesdeportiva.es/clubes**

A data do 15 de outubro ás 13:00 h. é improrrogable para presentar esta documentación. Chegado o momento, aquel equipo que non remitira a documentación indicada considerarase como retirado.

A Federación Galega decidirá en base ás solicitudes de inscrición os equipos que participarán nesta categoría así como o formato de xogo das mesmas.

A Federación Galega de Baloncesto solicita das Delegacións Zonais que se lle dea a maior difusión posible ao contido desta circular entre aqueles que puideran estar interesados.

Por outra banda, pedimos tamén a todos os clubs interesados que, unha vez feita a súa inscrición vía web, revisen e constaten as mesmas a través das respectivas Delegacións, dentro dos prazos establecidos e seguindo o indicado na presente circular, co fin de evitar prexuízos irreparables que seríamos os primeiros en lamentar e dos que a Federación Galega de Baloncesto non se fará responsable.

Santiago de Compostela, 27 de agosto de 2026

Susana Fernández Fiuza
Directora Xeral · FGB